



Actividades do alumnado de 2º en novembro

Enviado por Anónimo o Lun, 12/03/2018 - 13:35

[Curso 18_19](#) ^[1]



O alumnado de 2º de EP realizou o pasado mércores, día 15, unha saída ao MUPEGA dentro do marco de actividades enfocadas ao coñecemento da evolución das escolas e as súa función na sociedade.

O alumnado desfrutou coa visualización do vídeo das escolas da posguerra, dos xogos no tempo de lecer...

Participaron activamente na interpretación do cadro de **A escola da Doloriñas** así como na resolución do crebacabezas do referido cadro e, finalmente, manexaron os obxectos máis representativos que nel aparecen,

Sentarse nos antigos pupitres no que a plumilla e o pizarrín eran os instrumentos de traballo para a escritura así como os coñecer os xoguetes tradicionais, daquela época, supuxo toda unha experiencia para os 74 alumnos e alumnas de 2º.

Cabe destacar que o CEIP López Ferreiro donou no seu momento diversos obxectos tales como mapas cartográficos entre outros, para desfrute dos visitantes.

Visita a CLESA

O alumnado de 2º acudiu á fábrica de Clesa en Caldas de Reis para coñecer de primeira man a elaboración dos iogures a partires do leite.

A visita constou de dúas partes, unha lúdica e dirixida ao coñecemento de datos relativos á produción, da obtención do leite, da función desta empresa... e, outra, na que poideron observar o funcionamento en cadea da maquinaria coa supervisión dos técnicos

A organización desta saída tivo como fin o de profundizar nos seus coñecemntos relativos aos tres sectores do traballo.

O alumnado degustou un dos iogures estrela deste empresa: o iogur de bombón. Tamén recibiu o agasallo dun conto e dun pack de iogures de sabores agradecéndolles o detalle.

A USC ACHÉGASE Á ESCOLA

Da man da profesora titular **M.ª Carmen Segura**, a **USC** achegouse á nosa escola.

Co abxectivo de amosar de xeito lúdico e ameno a función dos glóbulos brancos, vermellos e das plaquetas.

A actividade foi moi ben acollida polos nenos e as nenas de 2º xa que comprenderon e valoraron a importancia do sistema inmunolóxico no noso corpo.

Acompañada dunha montaxe e da visualización dun vídeo, a participación activa do alumnado resultou realmente formativa.

O noso agradecemento a Mª Carmen Segura á que agardamos ata outra ocasión!



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas